

O TSXG ratifica a sentenza pola que CCOO ensino logrou o recoñecemento como servizos prestados do tempo xerado por vacacións do persoal temporal

Na sentenza ratificada ditase que o tempo xerado por vacacións nestes contratos debe ser recoñecido a todos os efectos.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de ratificar a sentenza do xulgado do Contencioso nº2 de A Coruña, ditada no procedemento interposto por persoal docente a través dos servizos xurídicos de CCOO pola que se recoñece que o tempo xerado por vacacións por cada un dos contratos subscritos coa Administración debe ser computado como servizos prestados e con todos os efectos accesorios que isto leva consigo.

A sentenza do tribunal fundaméntase na Directiva europea 1999/70 e o Acordo Marco para os efectos de garantir que os traballadores e traballadoras con contrato de duración determinada gocen das mesmas condicións ca as comparables cun contrato indefinido.

O tribunal non aprecia a existencia de razóns obxectivas que permittiran un trato diferenciado, xa que non computar as vacacións retribuídas pero non gozadas como tempo de servizo prestado supón unha discriminación respecto a empregadas e empregados públicos en situación fixa.

A Federación de Ensino de CCOO congratúlase por esta decisión e continuará pelexando a prol da eliminación das discriminacións e pola mellora das condicións laborais dos traballadores e traballadoras do ensino e pon á disposición dos interesados/as os seus servizos xurídicos.

Para máis información podes acudir aos locais de CCOO da túa comarca.